



BANDO LIMPEZA DE FINCAS (PREVENCION DOS INCENDIOS FORTESTAIS)

D. JORGE CUBELA LOPEZ, PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE (Pontevedra)

FAGO SABER:

De conformidade co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (Arts. 135 e 136 e na restante normativa aplicable,

Tódalas persoas físicas e xurídicas que sexan propietarias de terreos, construcións e edificios neste termo municipal, deberán mantelos limpos e libres de herbas, matos e malezas, para garantir que reúnen as condicións de seguridade e salubridade esixibles.

ADVÉRTESE de que a negativa a atender as ordes de execución que con tal motivo se diten polo Concello levará consigo a imposición de **multas coercitivas de 300 a 6.000 €**, reiterables ata que se cumpra integramente o ordenado, ou a execución forzosa subsidiaria a custa do/a infractor/a.

SOLICÍTASE da cidadanía en xeral a maior colaboración no cumprimento das obrigas reseñadas neste bando, cunha conduta responsable que contribúa a mellorar as condicións de limpeza, salubridade, ornato e seguridade dos terreos e soares no noso municipio.

Que, con motivo da época estival, recordo a tódolos cidadáns a obriga de manter as propiedades forestais e as súas zonas de influencia en condicións que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais e cumprir así coa lei 3/2007 de 9 de abril de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e a Ordenanza Municipal de Medio Ambiente.

Que o Concello, ben de oficio ou a instancia de particulares, controlará o cumprimento do Bando, denunciando a aquelas persoas que incumplan o anteriormente disposto, o que dará lugar á **incoación do correspondente procedemento sancionador**. Sen prexuízo da potestade sancionadora, en caso de incumprimento dos deberes que lle incumben aos responsables, tras o requirimento ao efecto, poderá efectuar a execución subsidiaria o Concello, por conta dos responsables, e procederase de xeito inmediato á execución cando concorran motivos de urxencia e da persistencia da situación puidese derivarse un perigo inminente para a saúde humana, os recursos naturais ou o medio ambiente.

P3600048G

PREVENCIÓN DE INCENDIOS
XESTIÓN DA VEXETACIÓN PRETO DAS VIVENDAS

Arredor das casas illadas

Desde o límite ata os 10 metros
Non pode haber maleza nin árbores.
As copas non poden invadir esta zona.

Dos 10 aos 30 metros
Non pode haber maleza nin piñeiros, eucaliptos ou mimosas.
O resto das árbores deben estar ben separadas entre si.

Dos 30 aos 50 metros
Non pode haber maleza e as árbores teñen que estar ben separadas entre si.

Arredor das aldeas e vilas

Desde o límite ata os 30 metros
Non pode haber maleza nin piñeiros, eucaliptos ou mimosas.

Dos 30 aos 50 metros
Non pode haber maleza e as árbores teñen que estar ben separadas entre si.

XUNTA DE GALICIA

galicia

O QUE SE FAI PÚBLICO PARA XERAL COÑECEMENTO

Cerdedo-Cotobade, 26 de abril de 2017.

O Presidente

Asdo. Jorge Cubela López